


A correr o Entroido!


O mes de febreiro vístese en Galicia coas cores do Entroido. Os personaxes más pintorescos e tradicionais agardan ansiosos a que chegue esta festa, para saír á rúa a lucir os seus disfraces e, sobre todo, para pasalo moi ben facendo das súas: botarllas formigas, fariña e lama á xente que os vai ver, meterse cos veciños ata que estes os conviden a algo, recitar coplas que poden ferir a sensibilidade dalgún coñecido ou coñecida, etc. En definitiva, fan cousas que o resto do ano non estarían ben vistas.

Nas aldeas e nas vilas galegas é onde se conserva o Entroido máis tradicional. De feito, hai dous que están catalogados como Festas de Interese Turístico Nacional: o Entroido de Xinzo de Limia, coas pantallas; e o Entroido de Verín, cos cigarróns. Así mesmo, hai outros seis entroidos que están recoñecidos como Festas de Galicia de Interese Turístico: o Carnaval de Cobres, coas damas e os galáns; o Entroido de Laza, cos seus peliqueiros; o Entroido de Viana do Bolo, cos boteiros; o Folión Tradicional do Entroido de Manzaneda, coas mázcaras; os xenerais do Ulla; e o Entroido de Maceda, cos felos.

Nas cidades galegas celébranse desfiles con carrozas en que participan moitas persoas disfrazadas, co mesmo obxectivo ca os das vilas e aldeas: pasalo moi ben. E ti, non te animas este ano a correr o Entroido?



1 Colorea os nomes dos personaxes típicos do Entroido galego.



pantallas

mázcaras

boteiros

xigantes

cigarróns

felos

saxentos

cabezudos

damas e galáns

2 Escribe o nome da localidade onde se celebra cada Entroido.



xenerais do



cigarróns de



pantallas de



boteiros de



damas e galáns de



peliqueiros de

3 Responde.

- Que entroidos están considerados Festas de Interese Turístico Nacional?

- Cales son recoñecidos como Festas de Galicia de Interese Turístico?

Numerais e indefinidos

LEMBRA

- Os **numerais** son palabras que expresan cantidade ou orde de xeito preciso. Os numerais poden ser **cardinais** (expresan cantidades exactas) e **ordinais** (indican a posición dun elemento dentro dun conxunto ordenado).
- Os **indefinidos** son palabras que expresan cantidade ou nomean alguén ou algo de maneira imprecisa.

1 Arrodea os numerais das seguintes oracións e clasifícaos.

- Collín o autobús polos pelos, o último saía da estación ás vinte e unha horas.
- A vindeira semana celébrase a trixésimo primeira edición da carreira pedestre.
- O avó fixo onte setenta e seis anos e celebrouno cunha gran festa de aniversario.
- Antía ten na clase o número dezaoito, é dicir, é a décimo oitava da lista.



Ordinais

Cardinais

2 Escribe o numeral cardinal e o ordinal que corresponden a cada cifra.

- 1
- 2
- 3
- 4

► un, primeiro

- 5
- 6
- 7
- 8

3 Copia as oracións e complétaas co indefinido axeitado.

Lembra que teñen que ir no mesmo xénero e no mesmo número ca o substantivo que acompañan.

algún

pouco

varios

moito


ningún


bastante

- Na miña mochila caben cousas.
- Levamos días co ceo sen nube.
- Foron persoas ao teatro, para ser un día de semana.
- Supoño que día volverei visitar esa vila.
- Fai o favor, dáme unha auga.



4 Escribe dous grupos nominais para cada imaxe: un cun numeral e outro cun indefinido.







5 Subliña as seguintes palabras segundo o código de cores.

Ordinal

Cardinal

Indefinido

■ vinte e dous

■ ambos

■ noveno

■ vixésimo

■ demasiado

■ ninguén

■ corenta

■ dezaseis

■ calquera

■ oitenta e nove

■ cento un

■ algo

■ cuadraxésimo

■ séptimo

■ décimo terceiro

A acentuación


LEMBRA

A sílaba que soa máis forte nunha palabra é a **sílaba tónica**.








Nalgúnsas palabras, a sílaba tónica márcase cun signo que se chama **acento gráfico**.

- 1 Copia a sílaba tónica de cada palabra no verme e descubre a mensaxe.

■ febre ■ reliquia ■ cociña ■ realidad ■ desde



- 2 Arrodea a sílaba tónica de cada palabra. Ao acabar, clasifica as palabras.



Con
acento
gráfico

Sen
acento
gráfico

3 Ordena as letras e escribe as palabras. Despois, arrodea a sílaba tónica de cada unha.



UCÁLBSA



NÓFMRIOCO



ROTAT



TÑOIAR



AÚBSOTU



SMÉCITNO



NICAÓM



COEVR

4 Subliña a sílaba tónica de cada palabra da serie e forma con elas outra palabra con acento gráfico.

vermú resina aguacate

►

acendido físico alguacil

►

campo alpino acordeón

►

5 Relaciona cada palabra coa descripción correspondente.



cántaro



vestido



millo



avión

A sílaba tónica é a antepenúltima e leva acento.

A sílaba tónica é a última e leva acento.


A segunda sílaba é tónica, pero non leva acento.

Ten unha sílaba tónica e unha átona.

As festas tradicionais. Palabras homófonas

- 1 Busca na sopa de letras os nomes representados nas imaxes e escríbeos onde corresponda. Todos están relacionados coas festas tradicionais.

P R O C E S I Ó N B
X M G A N M E S E A
I A X E Z U M O S I
X I G A N T E S M L
C O T E X U R O S A
D S K F H G T H K D
O T A B A L E T E O
C A B E Z U D O S R
E X S V Z A R X S E
S G A I T E I R O S



- 2 Relaciona cada comida coa festa en que se toma.




San Xoán

Nadal

Entroido

Magosto


- 3** Substitúe cada letra pola anterior no abecedario e obtén nomes de xogos tradicionais.



N B S L P M B



QBÑP



CLSMPT

- 4** Razoa. Que cres que significa o que a nai lles pide aos fillos?



Teñamos
a festa
en paz!

--


- 5** Fíxate nos seguintes pares de palabras homófonas. Despois, completa as oracións coa palabra adecuada.

bago	Cada unha das uvas que forman o acio.	vago	Que non lle gusta o traballo.
habano	Cigarro puro de orixe cubana.	abano	Utensilio para dar aire.
baca	Armazón que se instala na parte superior dos vehículos para transportar equipaxes.	vaca	Mamífero.
hai	Forma do verbo <i>haber</i> .	ai!	Interxección.


- [] que calor vai! Pásasme o [], por favor?
 - Teu irmán é algo []: foi á vendima e non colleu nin un [].
 - [] tres días que a [] pariu un becerriño.

1 Observa a imaxe e marca a resposta axeitada en cada caso.


- Que xogo é?
 - As damas. O tres en raia.
- Cantas persoas poden xogar?
 - Dúas. Tres. Nove.
- Que se necesita para xogar?
 - Dado, taboleiro e seis fichas. Taboleiro e seis fichas. Taboleiro e nove fichas.




2 Arrodea. Que fichas gañaron cada partida?



verdes



brancas



amarelas

negras

azuis

3 Explica como se xoga a este xogo.

Que xogo é? → Xogo

Poden xogar

Para xogar cómpren

Gaña

Número de xogadores

Material necesario

Que cómpre
facer para
ganar?

ACTIVIDADES DE REPASO

1 Subliña o determinante de cada expresión e escribe debaixo se é numeral cardinal, numeral ordinal ou indefinido.


- Duascentas mil persoas
- Bastante frío
- Moitos participantes
- Mil euros
- Algunhas gominolas
- Primeiro ministro
- Calquera día
- Oitavo lugar



2 Escribe cada palabra onde corresponda, tendo en conta que cada casa é unha sílaba e que a sombreada é a tónica.




banda




parchís



pérgola



termómetro



alfombra



camaleón

3 Copia as oracións coa palabra homófona que corresponda.

- Ai / Hai que susto levei cando vin o neno na árbore!

- Martiño non as / has pensa e despois arrepíntese.

- Paréceme ben / vén se ela vén / ben a canda nós.